



A Entrevista. Daniel López Muñoz. Xunta de Galicia

Tendo en conta a importancia de xestionar o decrecemento demográfico que ven experimentando Galicia, que aspectos de vertebración socioterritorial consideras prioritarios?

Prioridades, xestión, vertebración, social e territorial. Acabas de dar cinco dianas. Algo diso está no propio proxecto Symbios que ten un aquel de símbolo, ou de mostra extrapolable. Unha cuestión tan poliédrica non pode depender de ocorrencias ou titulares. Tampouco vale o cortopracismo. Hai que baixarse da nube da realidade virtual e mediática, da polémica estéril, pisar a terra, a realidade real, descubrir o rostro vivo e multicolor do país que quere vivir e crear vida, a pesar de todo, contra todo, nesas zonas demograficamente rotas. Mesmo tendo fillos!

Efectivamente é necesario revertibrar o territorio, pero pensando en que o territorio teña unha nova vida, unha nova humanización, unha maneira viable de ser habitado. Menos xente, seguro, pero mellor conectada, servizos accesibles, novas mobilidades, symbiose rururbana... Galicia é un banco de potencial innovación para toda esa Europa que esmorece e se degrada con territorios que devalan e envellecen. Pero innovar non é afogar no interesado mar das TICs. É crear modelos que convertan as necesidades en solucións virtuosas. Temos paro xuvenil, urxencias sociais e envellecemento no rural e moita potencia económica abandonada no agro. Non sería o momento de xuntar as tres necesidades e convertelas nunha solución tres-en-un? Coa tecnoloxía precisa, rompendo bordes entre departamentos e partidos, cambiando lexislacións pensadas para a cidade, e tamén estereotipos e prexuízos.

Cales son as claves da composición da Rede de socios e colaboradores de Symbios e qué aspectos deberían traballarse para acadar a súa sustentabilidade, máis alá do proxecto?

A virtualidade de facer isto en rede transnacional é que “normalizas” a túa preocupación. Pasas da angustia á xestión solidaria. En Europa hai adiantados na formulación do problema. Como xestionar a realidade para transformala desde unha nova posición mental colectiva? Non empeñarse en revertir o tsunami con caldeiros de auga. Hai voces moi cualificadas e útiles para inspirar a planificación global que Galicia – polo menos media Galicia- necesita. Pero a urxencia lévase mal coa présas. Estamos diante dunha cuestión “epocal”. Falamos dunha planificación de longo alento. Hai que integrar cousas de fóra: falamos de oportunidades para xente nova, de inmigración incluída, de concibir a parentalidade – e máis aínda a que se exerce en zonas de alarma demográfica- como un auténtico servizo público; falamos de soberanía alimentaria e de prestixio dun novo rural, de eco-sustentabilidade; de teletraballo; de sociedade participativa. Necesitamos un novo paradigma e hai voces que nos poden axudar. Se traballamos ben, esas voces séntense atraídas e queren cooperar. Symbios é a proba, unha emocionante proba de que é posible.

